
OS PETOS DE LORETO

Texto e ilustracións de **QUENTIN BLAKE**

Tradución ao galego de **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 22 x 28,5 cm. 36 páx. 16 €.

LOS +2010 (FUNDACIÓN GERMÁN SÁNCHEZ RUIPÉREZ)
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Os petos de Loreto (galego)

ISBN 978-84-8464-696-9. Tras os montes.

Los bolsillos de Lola (castelán)

ISBN 978-84-92608-16-4. Libros para soñar.

Les butxaques de l'Angèlca (catalán)

ISBN 978-84-8464-253-4. Llibres per a somniar.

Angelika milapatrikaren patrikak (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-948-7. Kalandraka - Pamiela.

Os bolsos da Marta (portugués)

ISBN 978-989-8205-33-9. Livros para sonhar.

A señora Loreto ten un abrigo

cheo de petos.

Un para o queixo,

outro para os ratos


e, por se alguén ten catarro...

Loreto ten unha chea de petos. Que gardará no seu interior?

Un relato rimado, de colorido desbordante, sobre un divertido personaxe que atesoura os obxectos máis inimaxinables.

Sempre rodeada de nenas e de nenos, de distintas idades e razas, a señora Loreto é a grande amiga que todos esperan ter, porque ten recursos para todo: ocorrente, disparatada, extravagante... Calquera obxecto pode resultar útil nas súas mans; por iso, como por arte de maxia, de todos os recunchos do seu abrigo saen xeados, buguinas ou sombreiros.

Un libro para estimular a imaxinación, coa espontaneidade que caracteriza o estilo do sempre xenial Quentin Blake.



■ **Temática:** texto rimado sobre un personaxe extravagante.

■ **Idade recomendada:** primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** a utilidade dos obxectos, a imaxinación; orde e desorde; xogos, maxia, diversión; curiosidade e capacidade de sorpresa; do autor de "Mister Magnolia".

Quentin Blake

(Sidcup, Kent, Inglaterra, 1932)

Comezou a debuxar dende moi novo. Estudou na Universidade de Londres e na Escola de Arte de Chelsea. Durante uns 20 anos dedicouse a pintar e exerceu a docencia na Real Escola de Arte onde, entre 1978 e 1986, dirixiu o departamento de ilustración. A súa traxectoria artística destaca por ter colaborado con escritores como Russel Hoban, Joan Aiken, Michael Rosen, John Yeoman e, sobre todo, Roald Dahl. Tamén ilustrou álbums clásicos e creou personaxes propios, como os coñecidos Señor Armitage e Mister Magnolia. Entre os galardóns recibidos nos últimos anos destacan o Premio Whitebread, a Medalla Kate Greenaway e o Premio Internacional da Feira de Boloña. En 2002 recibiu o Premio Hans Christian Andersen de Ilustración, o recoñecemento ao máis alto nivel no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil. En 2004 foi distinguido polo Goberno Francés como Cabaleiro das Artes e das Letras.

<http://www.quentinblake.com>

www. **Kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com
